

**ACORDO DE DEREITOS SINDICAIS NO ÁMBITO DA  
ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.**

O Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establece no seu artigo 10, que a partir do 1 de outubro de 2012, en materia do tempo retribuído para realizar funcións sindicais e de representación, nomeamento de delegados sindicais, así como as dispensas totais de asistencia ao traballo e demais dereitos sindicais, deberanse axustar, ao establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En aplicación de dito precepto, deixan de ter validez e producir efectos todos os Pactos, Acordos e Convenios Colectivos que nos diferentes ámbitos orgánicos, funcionais e territoriais recollían dereitos adicionais a prol das organizacións sindicais.

Por outra banda, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto do Traballadores e a Lei Orgánica de Liberdade Sindical que amparan o presente acordo, consideran ás organizacións sindicais como únicos interlocutores válidos para o exercicio dos dereitos dos empregados públicos á negociación colectiva e a participación institucional.

A necesidade de atender estas responsabilidades que a lei encomenda ás organizacións sindicais require, polo tanto, o establecemento dos recursos imprescindibles para levar a cabo a negociación colectiva e a participación institucional.

En resposta a esta finalidade, considérase necesario establecer un acordo que dote de recursos ás organizacións sindicais para que poidan desenvolver racionalmente o exercicio das funcións de representación e negociación, e permita, ao mesmo tempo, á Administración ordenar e estruturar o exercicio desta funcións con criterios de austeridade e racionalidade.

Por este motivo, no acordo se establece, seguindo un criterio proporcional, a composición e número de membros que deben formar parte da Mesa Xeral de Empregados Públicos, da Mesa Xeral de Negociación (art. 34.1 EBEP) e delegadas desta as mesas sectoriais seguintes: Mesa Sectorial de Funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia, Mesa Sectorial de Persoal Docente Non Universitario, Mesa Sectorial do Persoal Estatutario do Servizo Galego de Saúde e a Mesa Sectorial do Persoal de Xustiza.

O artigo 10 do Real Decreto Lei 20/2012 confire ás Mesas Xerais de Negociación a posibilidade de establecer novos acordos en materia de modificación na obriga ou no réxime de asistencia ao traballo dos representantes sindicais.

**I.OBXECTO.**

O presente Acordo ten por obxecto determinar os recursos en materia de dispensas ao traballo e créditos horarios correspondentes ás organizacións sindicais aos efectos, que os seus representantes poidan desenvolver racionalmente o exercicio das súas funcións de representación, negociación e o axeitado desenvolvemento dos demais dereitos sindicais.

Igualmente establécese o número de membros e a súa distribución por organización sindical nas distintas mesas de negociación na Administración da Xunta de Galicia.

Inclúese unha definición do centro de traballo aos efectos do previsto no artigo 10 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

**II. ÁMBITO DE APLICACIÓN E ADHESIÓN.**

O presente acordo resulta de aplicación á Administración da Xunta de Galicia, así como ao sector público da mesma.

O presente acordo deberá ser aprobado na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

Poderán asinar o acordo calquera das organizacións presentes nas distintas Mesas de Negociación previstas no EBEP. Poderán solicitar a adhesión ao acordo as organizacións sindicais que non o asinen, sempre que tivesen obtido máis do 2% dos representantes nas eleccións a delegados de persoal, comités de empresa e xuntas persoal no ámbito sectorial correspondente. As organizacións sindicais que non obtivesen o 10% dos representantes no ámbito correspondente da Mesa de que se trate terán dereito coa adhesión a este acordo soamente a constitución da bolsa de horas no ámbito que lle corresponda.

**III. ESTRUCTURA DOS PERMISOS INSTITUCIONAIS NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.**

Respecto á composición das distintas mesas de negociación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia establécese un criterio proporcional de representación nas mesmas en función dos resultados obtidos nos procesos electorais desenvolvidos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e a sinatura do presente acordo:

a) Mesa Xeral de Empregados Públicos: Concédense quince (15) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

b) Mesa Xeral de Negociación de Funcionarios Públicos (art. 34.1 EBEP): Concédense quince (15) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

c) Mesa Sectorial de Funcionarios de Administración Xeral: Concédense quince (15) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

d) Mesa Sectorial de Persoal Estatutario do Servizo Galego de Saúde: Concédense quince (15) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

e) Mesa Sectorial de Persoal Docente Non Universitario: Concédense quince (15) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

f) Mesa Sectorial de Persoal de Xustiza: Concédense dez (10) permisos institucionais en proporción a representatividade que cada organización sindical teña na mesma, e sen que en ningún caso poida superala.

Así mesmo, concédense catro (4) permisos institucionais vinculados á Comisión de Persoal, correspondendo un permiso a cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

Coa finalidade de asegurar unha axeitada interlocución coa Administración e favorecer a especialización e coñecemento dos asuntos formulados nas mesmas, as centrais sindicais designarán aos seus representantes nas anteditas Mesas entre empregados públicos que pertencen ao ámbito da Mesa correspondente.

A modo de resumen a proposta de permisos institucionais quedaría como segue:

| MESAS NEGOCIACIÓN NA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA | Nº DE MEMBROS PROPOSTA |
|---------------------------------------------------------|------------------------|
| MESA XERAL EMPREGADOS PÚBLICOS                          | 15                     |
| MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (ART. 34 EBEP)                | 15                     |
| MESA SECTORIAL DE FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL  | 15                     |
| COMISIÓN DE PERSOAL                                     | 4                      |
| MESA SECTORIAL SANIDADE                                 | 15                     |
| MESA SECTORIAL EDUCACIÓN                                | 15                     |
| MESA SECTORIAL XUSTIZA                                  | 10                     |
| TOTAL COMPONENTES DAS DISTINTAS MESAS                   | 89                     |

#### **IV. DEFINICIÓN DE CENTROS DE TRABAJO.**

Aos efectos establecidos no artigo 10 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, divídese, aos citados efectos nos seguintes centros de traballo:

- a) Un nos Servizos Centrais da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela, e un en cada provincia, para o persoal funcionario da Administración Xeral, incluíndose os Organismos Autónomos, así como as entidades integrantes do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Un nos Servizos Centrais da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela, e en cada unha das catro provincias, un por cada unha das consellerías, para o persoal laboral da Xunta de Galicia, incluíndose os Organismos Autónomos, así como as entidades integrantes do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Un en cada provincia para o persoal docente non universitario.
- d) Un en cada Área Sanitaria para o persoal estatutario dependente do Servizo Galego de Saúde.
- e) Un en cada provincia para o persoal de xustiza.

As entidades instrumentais do sector público autonómico namentres non adaptan as súas normas de organización e funcionamento á Lei 16/2010, do 17 de decembro, non serán incluídas nos apartados anteriores, mantendo a súa condición de centro de traballo aos efectos establecidos na Lei Orgánica 11/1985.

#### **V. DISPENSAS SINDICAIS PARA FACILITAR AS TAREFAS DE PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS E DEMAIS NECESIDADES DE PERSOAL DAS OOS.**

1.

Mantemento dos acordos existentes en materia de prevención de riscos laborais, en particular: Resolución do 29 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo sobre dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 2011); Resolución conxunta do 29 de maio de 1998, da División de Asistencia Sanitaria e da División de Recursos Humanos, pola que se ordena a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais UGT, CESM, CC.OO., CSI-CSIF, CIG e SATSE, sobre os sistemas de prevención de riscos e de consulta e participación dos profesionais das II.SS. do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 128, do 6 de xullo de 1998); así como, o previsto no apartado segundo, punto 2.2. do Pacto sobre dereitos sindicais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza destinado na

Comunidade Autónoma de Galicia, subscrito con data 20 de marzo de 2012, que outorga un máximo de 46 horas por organización sindical e provincia.

2.

Ademais, a concesión baseada en criterios proporcionais de trinta e sete (37) dispensas sindicais; das cales, trece (13) serían para o ámbito do Comité Intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia, segundo a representatividade que cada organización sindical teña nel e sen que en ningún caso poida superala e vinte e catro (24) para o ámbito da mesa sectorial do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, segundo a representatividade que cada organización sindical teña nela e sen que en ningún caso poida superala.

3.

Concédense vinte e catro (24) dispensas totais para a asistencia ao traballo empregando un criterio lineal a repartir entre as organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que asinen o presente acordo. Estas dispensas terán como finalidade facilitar a participación das organizacións sindicais en actividades tales como: elaboración da normativa reguladora da función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e na comisión de seguimento do presente acordo...

## **VI. BOLSAS DE CRÉDITOS HORARIOS, UTILIZACIÓN E USO DAS MESMAS.**

Coa finalidade de dotar ás organizacións sindicais de máis flexibilidade e operatividade no exercicio da acción sindical que lles é atribuída por lei, permítese constituír bolsas de horas formadas polos representantes sindicais do persoal laboral da Xunta de Galicia e do persoal funcionario representado na Mesa Sectorial de Funcionarios Públicos de Administración Xeral, de ámbito autonómico ou provincial, segundo as necesidades e opción das organizacións sindicais, que poderán estar integradas tanto polos delegados/as electos/as (Xuntas de Persoal e Comités de Empresa) como polos/as delegados/as de sección sindical sempre que pertencen á mesma organización sindical.

Así mesmo, poderán concederse ata catro (4) permisos sindicais a tempo completo con cargo ás bolsas de horas das organizacións sindicais presentes no ámbito da Dirección Xeral da Función Pública, a persoal funcionario da Administración Xeral ou persoal laboral do V Convenio Colectivo, que non ostente a condición de delegado/a persoal/membro do comité de empresa ou delegado/a sindical. No suposto de que unha organización sindical solicite máis de catro (4) permisos sindicais en dita circunstancia, a dita solicitude someterase a informe da comisión de seguimento deste acordo e a autorización da Dirección Xeral da Función Pública.

En consecuencia a Dirección Xeral da Función Pública permitirá articular un marco de acumulación de horas sindicais sobre a base dos seguintes principios:



a) Cada Organización Sindical comunicará á Dirección Xeral da Función Pública, con suficiente antelación, o nome da persoa que en cada momento será a responsable perante a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da interlocución nesta materia, que será a única que asuma a representación do sindicato nesta materia.



b) A solicitude de constitución inicial da bolsa deberá dirixirse á Dirección Xeral da Función Pública e deberá ser efectuada polo representante autorizado polo sindicato, cunha antelación mínima de 30 días ao primeiro día do mes no que se pretenda que teña efectividade a bolsa de horas. Na dita solicitude achegarase unha relación certificada na que constarán necesariamente os seguintes datos: Nome, Apelidos e D.N.I tanto dos/as delegados/as electas nos Comités de Empresa ou da Xunta de Persoal, como dos/as delegados/as sindicais; Grupo profesional e categoría profesional no caso de persoal laboral e Corpo e Escala no caso de persoal funcionario; provincia, localidade, unidade administrativa e Consellería u Organismo no que se atopan destinados, crédito horario total do que dispoñen e crédito horario obxecto de cesión.



c) Simultaneamente, o representante autorizado polo sindicato, remitirá á Dirección Xeral da Función Pública copia compulsada das cesións de horas efectuadas a prol da bolsa por cada un/unha dos/as delegados/as electos/as e delegados/as sindicais; así como, unha copia de cada unha das actas de constitución ou modificación das correspondentes seccións sindicais, previamente rexistradas na Oficina Pública do Rexistro da delegación provincial do ámbito territorial afectado.



d) Unha vez recibida toda a documentación expresada con anterioridade, a Dirección Xeral da Función Pública, verificará o cumprimento dos requisitos establecidos, de non cumprirse, requirirá ao responsable autorizado á emenda dos mesmos nun prazo non superior a 15 días hábiles, transcorrido dito prazo sen recibir resposta, denegarase á bolsa correspondente.



Cumpridos os requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública procederá á autorización da bolsa correspondente, comunicando esta circunstancia tanto á organización sindical como a cada unha das Secretarías Xerais Técnicas das distintas consellerías. Será con dita autorización cando poderán empregarse as horas da bolsa.

e) A cesión que poderá efectuar cada integrante da bolsa non poderá ser inferior a 7,5 horas. Unha vez formalizado o acto da cesión, esta non será revogable durante o período de vixencia da bolsa.



f) Cada unha das bolsas autorizadas pola Dirección Xeral da Función Pública terá unha vixencia dun ano, sendo inalterable durante dito período, agás nos supostos de: falecemento ou renuncia dalgún/ha dos seus integrantes; eleccións sindicais ou nos supostos que se establezan pola comisión de seguimento.

A vixencia de cada unha das bolsas prorrogarase anualmente, agás indicación en contrario do responsable autorizado, neste suposto deberán comunicar os cambios cunha antelación mínima



ANPC

de 30 días ao remate da vixencia daquela, debendo cumprir os requisitos establecidos para a autorización.

### **Xestión das Bolsas de Créditos Horarios.**

A Dirección Xeral da Función Pública comunicará ás Secretarías Xerais Técnicas os créditos horarios autorizados a cada unha das persoas integrantes das bolsas, aos efectos de que poidan facer o pertinente seguimento das horas empregadas por aquelas.

A organización sindical e a Secretaría Xeral Técnica correspondente comunicarán á Dirección Xeral da Función Pública calquera variación que se produza relativa ao posto de traballo asignado, á relación de servizos ou á situación administrativa de calquera dos empregados públicos integrados nas correspondentes Bolsas de Créditos Horarios.

### **Utilización dos Créditos Horarios.**

a) Os integrantes das bolsas de créditos horarios autorizadas pola Dirección Xeral da Función Pública, comunicarán ao responsable da correspondente unidade administrativa no que estean destinados, cunha antelación non inferior a 48 horas, da utilización do crédito horario. Este período de comunicación soamente poderá incumprirse nos supostos de urxencia acreditada pola administración ou a organización sindical.

b) Así mesmo, aquelas persoas con crédito horario distinto á dispensa total comprométese a empregar seu crédito horario por semanas ou días completos, de tal xeito que os períodos de ausencia aos que teñen dereito polo seu crédito, sexan fixos mensualmente, coa finalidade de evitar distorsións no funcionamento dos Servizos Públicos, agás supostos de urxencia acreditada que, en ningún caso, poderá xustificar a utilización de créditos horarios inferiores a tres horas, salvo que fosen convocados a reunións no propio centro de traballo de duración inferior a esas horas ou cando fose necesario un permiso para unha actividade de duración inferior.

c) O exercicio de funcións sindicais e utilización do crédito horario por parte dos integrantes das bolsas que non teñan permiso sindical a tempo completo realizarase sen prexuízo do cumprimento de todas as obrigas derivadas do seu posto de traballo, o cumprimento horario e a solicitude das vacacións, permisos e licenzas.

O número de horas necesarias para acumulacións, dentro da bolsa de horas, conseguindo así dispensas totais de asistencia ao traballo son 150 horas. Non obstante, mantéñense os acordos existentes nesta materia nos correspondentes ámbitos sectoriais, e calquera modificación dos mesmos terá que aprobarse na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

d) O exercicio das dispensas de asistencia ao traballo non pode producir alteracións nos dereitos económicos e administrativos dos representantes sindicais, non podendo ademais ser sancionados ou trasladados por causa do exercicio das súas funcións representativas ou sindicais.

## **VII. PROCEDIMENTO DA SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE PERMISOS INSTITUCIONAIS OU DISPENSAS SINDICAIS.**

Os permisos institucionais ou as dispensas sindicais do punto VI concederanse para a realización de actividades de negociación, representación e axeitado desenvolvemento do resto das súas funcións sindicais dentro desta administración pública e para a representación dos seus empregados públicos.

Os permisos institucionais ou dispensas sindicais suporán a exención total da obriga de asistencia ao posto de traballo, con liberación da integridade do cumprimento da xornada.

Estes permisos terán a duración máxima da vixencia deste acordo e das súas prórrogas, de producirse estas, e mínima dun ano.

As persoas que teñan estes permisos permanecerán na situación de servizo activo e conservarán todos os dereitos profesionais que lles sexan de aplicación, incluídos os de carácter retributivo.

### **Procedemento**

O órgano competente para a tramitación do procedemento de concesión de permisos institucionais ou dispensas sindicais é a Dirección Xeral da Función Pública.

a) As solicitudes para a súa concesión formularanse pola Organización Sindical mediante escrito dirixido á Dirección Xeral da Función Pública, no que deberán constar os datos persoais e administrativos do empregado público (Nome, Apelidos, D.N.I., Grupo e Categoría ou Corpo ou Escala, Localidade, Provincia, Unidade Administrativa e Consellería de destino).

b) A Dirección Xeral da Función Pública, logo de comprobar que a solicitude cumpre os requisitos establecidos, enviará copia á Secretaría Xeral Técnica da Consellería na que preste servizos o persoal para o que se solicita o permiso institucional, para que, á vista da incidencia no axeitado funcionamento dos servizos, no prazo de 20 días, informe sobre a procedencia do mesmo. Dito informe ten carácter de preceptivo e non vinculante.

No suposto de ser o informe desfavorable deberá emitirse informe motivado e razoado, sen que sexa suficiente unha invocación xenérica ás necesidades do servizo como causa da denegación nin a non posible substitución da persoa titular do posto de traballo.

No caso de que a decisión da Dirección Xeral da Función Pública fose desfavorable, comunicará esta circunstancia á organización sindical correspondente, para que efectúe unha nova proposta a prol doutro empregado público.

Non poderán concederse permisos institucionais a persoal funcionario que desempeñe postos de traballo de niveis 28 ou 30 de complemento de destino ou de libre designación, así como o persoal laboral que desenvolva postos de directivo.

c) Non poderá reiterarse unha solicitude con resolución denegatoria ata que transcorran seis meses dende a súa emisión, excepto no suposto que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de destino do empregado público, emita informe favorable con anterioridade a dito prazo.

d) Concederanse mediante resolución expresa da persoa titular da Consellería competente en materia de Función Pública, que se ditará no prazo dun mes a contar desde a presentación da solicitude na Dirección Xeral da Función Pública, entendéndose desestimada transcorrido dito prazo. Sen prexuízo de que a organización sindical solicite á Administración que conteste de xeito expreso.

e) A Dirección Xeral da Función Pública comunicará os permisos institucionais ou as dispensas sindicais concedidos/as á Organización Sindical e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de destino do empregado público.

f) A organización sindical e a Secretaría Xeral Técnica correspondente comunicarán á Dirección Xeral da Función Pública calquera variación que se produza relativa ao posto de traballo asignado, á relación de servizos ou á situación administrativa do empregado público designado.

### Cancelación

Os permisos institucionais ou dispensas sindicais concedidos/as de acordo co establecido anteriormente serán resoltos pola Administración, cando se produza algunha das seguintes causas:

a) Solicitude da Organización Sindical sempre que transcorresen 6 meses, como mínimo, dende a data de inicio do permiso institucional concedido.

b) Remate do prazo máximo de duración do permiso institucional sen que se solicitase a súa prórroga.

c) Incumprimento da finalidade de concesión do permiso, previa concesión de trámite de alegacións á organización sindical afectada, dándose conta deste suposto de cancelación á Comisión de Seguimento deste acordo.

d) Cambio de posto de traballo, relación de servizos ou da situación administrativa do empregado público, que dea lugar á modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do permiso.

e) Realización de actividades sindicais fóra do ámbito da Administración da Xunta de Galicia, agás as que deban desenvolverse dentro da estrutura federal ou confederal da organización sindical á que se pertenza.

f) Realización de actividades que incorran en causa de incompatibilidade prevista na lexislación estatal ou autonómica sobre esta materia.



Os permisos institucionais ou as dispensas sindicais cancelaranse mediante Resolución da persoa titular da Consellería competente en materia de Función Pública, que se comunicará á organización sindical afectada e á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de destino do empregado público.

### **VIII. REXISTRO DOS CRÉDITOS HORARIOS E PERMISOS INSTITUCIONAIS.**

Crearase un rexistro dos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

### **IX. VIXENCIA.**

1.O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación na Mesa Xeral de Empregados Públicos, e a súa duración estenderase ata o 31 de decembro de 2015.

As organizacións sindicais que asinen ou se adhiran ao presente acordo estarán obrigados polo contido das súas cláusulas na súa integridade e deberán declarar expresamente a súa aceptación.

A sinatura ou solicitude de adhesión, logo da entrada en vigor do presente acordo, deberá ser vista pola Mesa Xeral de Empregados Públicos.

As organizacións sindicais que non asinen ou non se adhiran ao presente acordo soamente terán dereito ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

2.O presente acordo poderá ser denunciado por calquera das partes asinantes do mesmo dentro dos dous meses inmediatamente anteriores ao remate da súa vixencia. De non mediar denuncia expresa, entenderase tacitamente prorrogado por períodos anuais sucesivos, podendo calquera das partes denunciálo no mesmo prazo anteriormente establecido, é dicir, dentro dos dous meses anteriores ao inicio de cada unha das prórrogas.

Unha vez aprobado na Mesa Xeral de Empregados Públicos o presente acordo, de conformidade co Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, será de aplicación directa tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral nas materias que no mesmo se regulan.

### **X. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constitúese unha comisión paritaria de seguimento das garantías do presente acordo, que estará formada por tres (3) representantes de cada unha das organizacións sindicais con representación

na Mesa Xeral de Empregados Públicos que o subscribiran, e por un número igual representantes da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dita comisión xuntarase sempre que o solicite a maioría dalgunha das partes. E os acordos no seo desta comisión requirirán a maioría de cada unha das partes.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

- a) Vixilancia e control dos contidos do presente acordo.
- b) Seguimento e avaliación do acordo nos distintos sectores da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A interpretación das súas cláusulas e aplicación das súas disposicións ás circunstancias sobrevidas non previstas.
- d) As propostas de adaptación do presente acordo e dos seus anexos aos cambios normativos ou variacións que poidan producirse na estrutura da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Velar polo uso racional dos permisos institucionais e créditos horarios por parte das organizacións sindicais asinantes do acordo.
- f) Todas aquelas funcións que decidan as partes da Comisión de Seguimento.

## **XI. CLÁUSULA DE VIXENCIAS**

Mantéñse os seguintes pactos e acordos naqueles aspectos que non se opoñan ao contido do presente acordo, e en particular:

- a) Acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as Organizacións Sindicais UXT,CSIF,CC.OO,CXTG e INTG do 7 de setembro de 1988.
- b) Acordo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coas Organizacións Sindicais: UGT,CC.OO,INTG,CXTG e CSIF do 16 de setembro de 1988.
- c) Resolución conxunta do 10 de novembro de 1995, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (DOG do 29 de novembro), pola que se ordena a publicación do pacto sobre as comisións dos centros sanitarios para a representación e participación do persoal de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- d) Resolución conxunta do 1 de xuño de 1999, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da División de Recursos Humanos do Sergas,pola que se ordena a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais Confederación Intersindical Galega (CIG), Confederación Estatal de Sindicatos Médicos - Sindicato de Enfermería (CESM-SATSE), central sindical Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de

Traballadores (UGT) e a Confederación de Sindicatos Independentes e Sindicato de Funcionarios (CSI-CSIF), sobre as comisións dos centros sanitarios para a representación e participación do persoal de II.SS. do Servizo Galego de Saúde.

e) Acta da Mesa Sectorial do Persoal Estatutario do Servizo Galego de Saúde do 5 de agosto de 2011.


f) Pacto sobre dereitos sindicais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza destinado na Comunidade Autónoma de Galicia, do 28 de setembro de 2000.

g) Pacto do 20 de marzo de 2012, sobre dereitos sindicais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza destinado na Comunidade Autónoma de Galicia, que afecta a determinados aspectos do pacto subscrito con data do 28 de setembro de 2008.

En Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013, asinan o presente acordo:

Pola Administración


O director xeral da Función Pública




José María Barreiro Díaz

Polas Organizacións Sindicais:


CIG: M<sup>a</sup> Carmen López Santamariña




CC.OO.: Ramiro Otero Rodríguez



UGT : José M. Vázquez Riveira



CSI-F: José Francisco Méndez Castro





ANPE SINDICATO INDEPENDENTE: Julio Díaz Escolante

CESM GALICIA- O MEGA: José Víctor Crespo Comesaña

USO: Francisco Javier Álvarez Morais

SATSE:

**ANEXO I. PROCEDEMENTO ACUMULACIÓN CRÉDITOS HORARIOS NO ÁMBITO DO PERSOAL DOCENTE NON UNIVERSITARIO.**

En relación ao procedemento regulado no apartado VI do presente acordo, resulta de aplicación ao ámbito do persoal docente non universitario coas seguintes especialidades:

- a) Onde di Dirección Xeral da Función Pública entenderase o órgano da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con competencias en materia de persoal.
- b) Onde di Secretarías Xerais Técnicas entenderase Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Así mesmo, as xefaturas territoriais comunicarán tamén os permisos sindicais ás direccións dos centros educativos.
- d) O persoal funcionario docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se liberará a tempo total por 120 horas acumuladas.
- f) Asemade, os membros electos das Xuntas de Persoal que non estean liberados a tempo total gozarán dun crédito horario de 20 horas mensuais, tendo en conta que o comunicarán aos centros e que será un día a semana, acomodándose os horarios de forma que non se entorpeza o desenvolvemento da actividade docente do centro; cando non sexa factible solucionar a incidencia por esta vía, o profesor ou profesora de garda asumirá as súas suplencias.
- g) Aos compoñentes das seccións sindicais que non resulten liberados a tempo total non gozarán de ningún crédito horario, permitíndoselle asistir ás Xuntas de Persoal que se celebren con carácter extraordinario e que se cifran en 3 ou 4 aproximadamente cada ano.
- h) O crédito horario poderá acumularse en calquera persoal docente funcionario electo ou non electo.
- i) A vixencia das bolsas de créditos horarios será coincidente co curso escolar.

*L. Brown*



~~10/27/15~~

olar.

Yseult F. Hall

FOAM

ANCF

*[Signature]*



## **ANEXO II. PROCEDEMENTO ACUMULACIÓN CRÉDITOS HORARIOS NO ÁMBITO DO PERSOAL ESTATUTARIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

Para os efectos do devandito procedemento, estarase ao disposto no Pacto sobre permisos retribuídos, uso e acumulación de crédito horario e caracterización dos delegados de sección sindical dos representantes sindicais do persoal ao servizo das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde.

*[Handwritten signatures and stamps]*

*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*

*[Signature]*  
**FIAM**

*[Signature]*  
**ANPE**



### ANEXO III. PROCEDEMENTO ACUMULACIÓN CRÉDITOS HORARIOS NO ÁMBITO DO PERSOAL DE XUSTIZA.

No referente ao apartado VI, relativo ás bolsas de créditos horarios, aplicarase o apartado terceiro do dito pacto do 20 de marzo de 2012, polo que se posibilita ás organizacións sindicais que obtivesen o 10 por cento ou máis do total de delegados a elixir nas catro Xuntas de Persoal, acadar unha dispensa total de asistencia con 120 horas mediante a acumulación destas a nivel autonómico.

En canto ao procedemento regulado no apartado VI, resulta de aplicación ao ámbito de persoal ao servizo da Administración de Xustiza coas seguintes especialidades:

- a) onde di Dirección Xeral da Función Pública entenderase Dirección Xeral de Xustiza.
- b) onde di Secretarías Xerais Técnicas entenderase Xefaturas Territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os órganos da Administración de Xustiza onde teñan seu destino o persoal que dispón de créditos horarios.

En canto ao procedemento regulado no apartado VII, resulta de aplicación ao ámbito de persoal ao servizo da Administración de Xustiza coas seguintes especialidades:

- a) onde di Secretaría Xeral Técnica da Consellería entenderase Dirección Xeral de Xustiza.



**ANEXO IV. PROCEDEMENTO ACUMULACIÓN CRÉDITOS HORARIOS NO ÁMBITO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.**

O número de horas acumuladas para optar a situación de permiso sindical a tempo completo será de 135 horas de crédito horario.

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

FDAL

*[Handwritten signature]*  
ANPE



**ANEXO V. ADHESIÓN DA ORGANIZACIÓN SINDICAL : STAJ**

En cumprimento do disposto nos apartados II e IX a organización sindical adhírese ao presente acordo e declara expresamente a súa aceptación,

En Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013, asina o presente acordo

STAJ: José González Rodríguez

## **ANEXO VI. ADHESIÓN DA ORGANIZACIÓN SINDICAL : STEG**

En cumprimento do disposto nos apartados II e IX a organización sindical adhírese ao presente acordo e declara expresamente a súa aceptación,

En Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013, asina o presente acordo

STEG: Mercedes Alonso Padrón

